

ANPA A GÁNDARA

Asociación de nais e pais de alumnas/os

QUE É A ANPA?

A ANPA somos unha agrupación de nais e pais voluntarias/os que velamos por unha **educación de calidade** e representamos os **intereses das familias** facilitando a súa **participación** no colexio.

RAZÓNS PARA ASOCIARTE E PARTICIPAR

- Porque a educación dos nosos/as fillos/as é a nosa **responsabilidade**.
- Pola necesidade de **estar unidos** á hora de reivindicar aspectos que nos axuden a mellorar a **calidade da enseñanza**.
- Porque un movemento de pais e nais agrupados fai que as iniciativas e peticións destes sexan vistas con **maior respecto** polas administracións públicas, profesorado, sociedade, etc.
- Porque existe un marco legal que ampara o noso **dereito a participar** na vida escolar do centro.
- Pola importancia da presenza no Consello Escolar das nais e pais organizadas/os para defender os **intereses de todos**, non individuais.
- Porque si os pais e nais non somos activos/as e participativos/as, **cómo explicar aos nosos/as fillos/as que deben ser persoas implicadas** nunha sociedade onde poidan e deban expresarse, participar e corresponsabilizarse no seu propio futuro.

CONTACTO

WHATSAPP: 685764599

email: anpagandara@gmail.com

QUE FACEMOS?

COORDINAMOS SERVIZOS QUE AXUDAN A CONCILIAR MELLOR TRABALLO E FAMILIA

No servizo de MADRUGA e TARDUGA os nenos/as son atendidos/as por un monitor/a especializado/a antes e despois da xornada escolar.

ORGANIZAMOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS, FORMATIVAS E LÚDICAS

- Oferta de actividades extraescolares: natación, fútbol sala, patinaxe, baloncesto, etc.
- Comparsa do entroido e magosto
- Andainas familiares
- Excursión de fin de curso

PROMOVEMOS A COMUNICACIÓN CONSTRUTIVA E COLABORATIVA

Facemos de interlocutor entre as familias e o colexio.

PARTICIPAMOS NA TOMA DE DECISIÓNS E O GOBERNO DO COLEXIO

Un membro da nosa xunta directiva exerce como representante da ANPA no Consello Escolar do centro.

COMO ASOCIARTE

- Facendo a inscrición a través da nosa web: <https://anpagandara.miampa.com> ou descargando a app **MiAMPA** (dispoñible en Google Play e App Store).
- Pagando a **cota anual de 10€ por familia**.

NOVA WEB/APP

Este ano, coa fin de ofrecervos un mellor servizo e facilitar o traballo das/os nais/pais que traballamos como voluntarias/os na asociación, teremos unha web/app na que poderedes facer todas as xestións desde o ordenador ou o teléfono móbil: alta familias socias, altas/baixas e pagos das extraescolares, enviar e recibir mensaxes, inscricións a festas e excursións... e moitas cousas máis!

WEB: <https://anpagandara.miampa.com/>

APP: MIAMPA (dispoñible en Google Play e App Store)



INSCRICIÓN FAMILIAS SOCIAS

1 Descargar a APP gratuita MIAMPA no teu teléfono móbil ou acceder á WEB: <https://anpagandara.miampa.com/>



Se tes calquera problema coa APP (o teu móbil non soporta a descarga ou non te funciona correctamente...), por favor accede á web dende o navegador (Google Chrome, Safari...) do teu teléfono, tablet ou ordenador.

2 Rexistrar usuario:

Só tes que premer en REXÍSTRATE.

Facendo clic na bandeira podes cambiar o idioma

APP



Aparecerá o **formulario de inscrición** e deberás encher **TODOS os datos**, propios e dos/as fillos/as.
Para rematar, fai clic no botón **GARDAR**.

WEB

APP

The screenshot shows the registration form on the website. The form includes fields for 'Comentarios', 'Código interno', 'Código interno da familia', and 'NIA'. Below these fields, there is a section for 'Número de identificación do alumno' with a checked box for 'Queres ser socio'. There are also checkboxes for 'Estou de acordo coa política de uso das imaxes' and 'Estou de acordo coas políticas'. At the bottom, there are buttons for 'Cancelar' and 'Gardar', with 'Gardar' highlighted by a red box and a red arrow pointing to it.

! Se fas o rexistro dende a APP antes deberás poñer o "Código de asociación":

7A039

The screenshot shows the registration screen in the app. It has a blue header with 'Vila-Real 2023-2024'. The main text says 'Rexistrar usuario (pai / nai / familia)' and 'Fai clic na pregunta para ver axuda ou os pasos a seguir'. Below this, there is a red bullet point: 'Campos obrigatorios marcados con este símbolo'. There is a field for 'Código de asociación' with a green note below it: 'Introduce o código indicado pola túa asociación'. At the bottom, there are buttons for 'Cancelar' and 'Gardar'. A red arrow points to the 'Código de asociación' field.

NOTA: A conta de usuario é por familia. **Só un correo electrónico por familia pode iniciar sesión.** Polo que as **familias separadas ou divorciadas** deben poñerse de acordo sobre quen xestionará a conta na web da ANPA ou crear un novo correo electrónico que é compartido por ambas as partes e así ambas poden consultar e facer xestións na web ou na aplicación da ANPA.

En todo caso, o titor principal, propietario do correo electrónico que se fixa como titor principal ao rexistrarse, será quen realice os trámites pero se pon un enderezo de correo electrónico no campo de datos dun TITOR2, aínda que non poida iniciar sesión, poderá recibir notificacións de avisos ou actuacións realizadas pola conta familiar na web e na aplicación da ANPA.

3 Pagar a cuota de familia socia:

Debes **iniciar sesión** na web ou na APP (co teu email e o contrasinal que elexiches).


WEB

APP


The screenshot shows the login page on the website. The header is 'ANPA COLEXIO A GÁNDARA'. The main content area has 'Últimas noticias' and a large illustration of a family sitting on a sofa. On the left sidebar, there is a menu with 'Iniciar sesión' highlighted by a red box and a red arrow pointing to it.

The screenshot shows the login screen in the app. It has a white background with the title 'Iniciar sesión'. There are input fields for 'Correo electrónico' and 'Contrasinal'. Below these fields, there is a blue button for 'Iniciar sesión' and a red button for 'Rexístrate'. A red arrow points to the 'Rexístrate' button. Below the buttons, there is a red question mark icon and the text 'Pasos a seguir para rexistrarse'. At the bottom, there is a version number 'Version 2.0.1755' and a copyright notice '© miampa.com 2016-2023'.

Preme nos tres puntos situados na parte superior dereita:



Desplegarase un menú e verás que pon **"SOCIO: NON"**, porque aínda non fixeches o pago da cuota. Debes clicar na opción **"Paga a taxa de afiliación"**



A cota ou taxa de afiliación é de 10€ por familia + a comisión do 2% da plataforma de pago = **10,20€**
Podes elixir “Pago con tarxeta” ou “Bizum”.

ANPA COLEXIO A GÁNDARA
Monforte de Lemos
2023-2024
@gmail.com

Paga a taxa de afiliación

Pagos pendentes

- De los palotes, Perico (INFANTIL6A) 10,00 €
- De los palotes, Perico (INFANTIL6A) 0,00 €

Contía total 10,00 €

Pago con tarxeta (REDSYS POS) Bizum de REDSYS

Pagar con tarxeta é sinxelo e rápido. Ademais, se o pago é correcto, validarase automaticamente.

Admiten pagamentos con Visa e Mastercard.

Engade un comentario

Lin e acepto os **Termos e condicións xerais**, a **Política de privacidade e información relativa ao tratamento de datos persoais** e as **Condicións particulares do servizo MiAMPA**.

Termos, condicións e políticas

Aceptar

Importe original a pagar 10,00 €
Comisión 0,20 €
Importe final 10,20 €

OPERACIÓN AUTORIZADA CO. 10,20 €
CÓDIGO: 622889

Url Comercio: <https://www.altas.miampa.com>

Descripción producto: 90037 MEMBER - 01070005P

CONTINUAR

Datos de la operación

Importe	10,20 €
Comercio	HEXAMOB, S.L. (ESPAÑA)
Terminal:	270011737-1
Número pedido:	90037MEMBER

! NOTA: Os pagos faranse a **HEXAMOB S.L.**, a empresa que xestiona a APP/WEB de MIAMPA. E así vos aparecerá tanto como destinatario do BIZUM como no cargo da vosa tarxeta.

Versión 2.0.1755

Código de asociación 7A039
@gmail.com

SOCIO: SÍ

- Datos do usuario
- Os meus fillos
- Paga a taxa de afiliación

Unha vez feito o pago, se clicas nos tres puntos arriba a dereita verás “SOCIO: SÍ”

EXTRAESCOLARES 2023-24

HORARIOS E PREZOS

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30	MADRUGA BIBLIOTECA // MONITORA: MAYDA 30€/MES - 4€/DÍA SOLTO				
16:10	MULTIDEPORTE INFANTIL PAVILLÓN PEQUENO MONITORA: DÉBORA 14€/MES 1 HORA	BATUCADA INFANTIL E PRIMARIA AULA DE MÚSICA PROFESOR: PEPÓN (CREATIVA) 15€/MES DE 8 A 10 ALUMNOS/AS 13€/MES 11 OU MÁIS ALUMNOS/AS 45 MIN.	BAILE TRADICIONAL FAMILIAS E NENOS/AS DE 3 A 7 ANOS PAVILLÓN PEQUENO PROFESOR: LOIS 20€/MES NENOS/AS + 10€/MES POR ADULTO/A 1 HORA	TEATRO PRIMARIA BIBLIOTECA PROFESORA: PAQUI 15€/MES 1 HORA	FÚTBOL SALA PRIMARIA PAVILLÓN GRANDE 15€/MES 1 HORA
16:20	PATINAXE DE 8 A 12 ANOS PAVILLÓN GRANDE MONITOR: EDI 15€/MES 1 HORA			PATINAXE DE 5 A 7 ANOS PAVILLÓN GRANDE MONITOR: EDI 15€/MES 1 HORA	
17:15			PANDEIRETA FAMILIAS PAVILLÓN PEQUENO MONITOR: LOIS 20€/MES NENOS/AS + 10€/MES POR ADULTO/A 1 HORA		
18:10					NATACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PISCINA MUNICIPAL 19,31€/TRIMESTRE 40 MIN.
18:20			BAILE TRADICIONAL DE 8 A 12 ANOS PAVILLÓN PEQUENO PROFESOR: LOIS 20€/MES NENOS/AS 1 HORA.		

- Se non se alcanza o número mínimo de alumnos/as inscritos cancelárase a actividade.
- No caso de que os/as inscritos/as supere o número máximo permitido por grupo farase un sorteo e/ou estudarase a posibilidade de crear un novo grupo.
- É indispensable ser socio/a da ANPA para inscribirse nas actividades. Cuota: 10 €/ano por familia.

PRE-INSCRICIÓN EXTRAESCOLARES


19-24 SETEMBRO

Para hacer a preinscripción nas actividades extraescolares antes de nada deberás:

1. Asegurarte de **ter iniciada a sesión** na web/app co teu email
2. Ter **pagada a cuota** de socio
3. Ter datos de **alta aos/as teus/túas fillos/as**

Se tes a sesión iniciada aquí aparecerá o teu email


Se tes a cuota pagada aquí poñerá **SÍ**




Aquí podes comprobar a alta dos/as nenos/as

Se tes ben os tres puntos anteriores fai clic en “**Actividades extracurriculares**” no menú da esquerda (se non o ves fai clic nas tres raias ≡)






Deberás facer clic na imaxe da actividade que che interesa. Exemplo: patinaxe



Elixe de novo o grupo, dentro desa actividade, que che interesa. Exemplo: Patinaxe 5-7 anos.



ANPA COLEXIO A GÁNDARA
Monte de Lemos
2023-2024
j@gmail.com

ANPA A GÁNDARA

Inicio
Notas
Actividades extracurriculares
Eventos
Seguros
Notificacións públicas
Álbumes
Tenda
Comedor
Patrocinadores
Vales
Descargas
Doazóns
Contacto

Patinaxe 5-7 anos
Patinaxe

Registrado Información Prezos Periodos

Quen se pode rexistrar

Cursos
1 PRIMARIA 2 PRIMARIA INFANTIL A INFANTIL B

SELECCIONAR PARTICIPANTES

Disponibles

Selecciona un alumno ou pai para rexistrar nesta actividade

Periodos disponibles

Periodo disponible no que desexas rexistrar a persoa seleccionada

Axuda

Busca

4 atopado

- Enviar xustificante de pago mediante transferencia. Para achegar
- Onde consultar matriculas extraescolares
- Renovar pago extraescolar (PENDENTE DE PAGO) extraescolares
- Por que un pago con tarxeta ou Bizum (POS) pode... Casos típicos

Os cursos que poden asistir a esta actividade

Selecciona a un dos teus fillos

Selecciona o mes no que quere apuntarse

ANPA COLEXIO A GÁNDARA
Monte de Lemos
2023-2024
j@gmail.com

ANPA A GÁNDARA

Inicio
Notas
Actividades extracurriculares
Eventos
Seguros
Notificacións públicas
Álbumes
Tenda
Comedor
Patrocinadores
Vales
Descargas
Doazóns
Contacto

Perico De lo palotes

Selecciona un alumno ou pai para rexistrar nesta actividade

Periodos disponibles
05/10/2023 - 05/11/2023

Periodo disponible no que desexas rexistrar a persoa seleccionada

Preinscrite

Con este método de pago, non tes que pagar agora xa que só estás preinscribindo

Engade un comentario

Autorización para o uso de imaxes para a organización que organiza esta actividade

De acordo co establecido na Lei 1/1985, do 5 de ma...

Dou o meu consentimento

Reglas de rexistro

Desplegue este panel para ler as regras de rexistro

Lin e acepto as normas de rexistro

Lin e acepto os Termos e condicións xerais, a Política de privacidade e información relativa ao tratamento de datos persoais e as Condicións particulares do servizo MiANPA.

Temas, condicións e políticas

Aceptar

Aquí podes ler as regras da preinscrición e inscrición das actividades. Debes aceptar as normas.

Facendo clic en **Aceptar** o teu/túa fillo/a estará inscrito/a na actividade. Recibirás un email coa confirmación.

Debes ter en conta que **se non se chega ao mínimo** de participantes, **anularase** a actividade. E se se **supera o máximo**, farase un **sorteo** das prazas (entrarán no sorteo tanto os preinscritos como os que vaian á lista de espera) O día **25** confirmaremos as **inscricións**.

Se o teu/túa fillo/a quedou fóra dunha actividade, terás os días **26 e 27** para inscribilo noutra actividade na que haxa praza.